

PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA EDUCACIÓN INFANTIL

SEMANA: 14 ABRIL A 30 ABRIL

CPI PLURILINGÜE ANTONIO ORZA COLITO

INTRODUCCIÓN	3
SEMANA DO 14 AO 17 DE ABRIL.....	4
SEMANA DO 20 AO 24 DE ABRIL	14
SEMANA DO 27 AO 30 DE ABRIL.....	28
PROPOSTAS MUSICAIS	44
PROPOSTAS DE ACTIVIDADES DE ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE ORAL.....	46
PROPOSTAS PARA MOVER O CORPO	50
RECURSOS NA REDE.....	51

INTRODUCCIÓN

Ola de novo familias!

Ante a nova prolongación do estado de alarma, dende o equipo de Educación Infantil procedemos a realizar unha nova proposta de actividades para o período comprendido entre o 14 e o 30 de abril. Ao igual que ocorría coas propostas anteriores, queremos recordarvos que son orientativas, opcionais e flexibles polo que podedes adaptalas ás necesidades e circunstancias de cada familia. Veredes que permanece a proposta do calendario pois cremos que é unha actividade moi importante que lles axuda aos nenos e nenas a entender o paso do tempo e a ubicarse mellor nesta tempada na que todos os días semellan iguais.

En circunstancias normais, neste terceiro trimestre, as tres aulas de Educación Infantil tiñamos previsto iniciar o proxecto da horta escolar. Por iso consideramos unha boa idea empregar esta temática como fío condutor das actividades que propoñemos para este novo período.

Recordámosvos ademais que nos seguintes enderezos poderedes prantexarnos calquera dúbida que vos xurda:

4º Educación Infantil: veronica.bo@edu.xunta.es

5º Educación Infantil: floradelariva@edu.xunta.es

6º Educación Infantil: josefinarey@edu.xunta.es

Recibide de novo un cordial saúdo das mestras de Educación Infantil.

SEMANA DO 14 AO 17 DE ABRIL

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
CALENDARIO (Para realizar todos os días)	<p>DIARIO (nunha libreta ou caderno, facer todos os días):</p> <ul style="list-style-type: none"> - Observar o calendario e arrodear o día no que nos atopamos (contar cantos días faltan para que remate o mes, mirar o número anterior e posterior...). - Escribir o día da semana (luns, martes...), o número de día (23, 24...), o mes (marzo, abril) e o ano na páxina do caderno e que o neno/a observe como o facemos. - O neno/a escribe a data empregando só números (por exemplo: 14-4-2020). Os nenos e nenas de 5 anos poden cubrir a proposta de cadro que aparece nas recomendacións enviadas o martes 17. - Observar pola ventá o tempo e debuxalo no mesmo folio da data. <p>Como me sinto hoxe? Expresar como se sente e debuxarse a si mesmo/a con esa expresión facial.</p>				
PROPOSTA DE TRABALLO		<p>ACTIVIDADE 1: Co permiso de papá ou mamá, revisa a túa nevera e trata de coller dela todos aqueles alimentos que penses que nacen na horta.</p> <p>Que atopaches? Intenta escribir algúns nomes facendo unha listaxe,</p>	<p>ACTIVIDADE 3: Vocabulario da horta (Ficha nº 2)</p> <p>Recorta as tarxetas, revisa as imaxes e di o seu nome. Clasifica as imaxes atendendo a diferentes criterios (ferramentas,</p>	<p>ACTIVIDADE 4: Traballamos a conciencia fonolóxica co vocabulario da horta.</p> <p>Explicación na Ficha nº 3.</p>	<p>ACTIVIDADE 5: Continúa as series empregando froitas, verduras e hortalizas. Explicación na ficha nº 4.</p> <p>Podes substituír os alimentos que non teñas por outros semellantes.</p>

		<p><i>conta cantos alimentos conseguiches, intenta clasificalos (pola cor, o tamaño, a forma...).</i></p> <p>ACTIVIDADE 2: A horta ou xardín de ... Envíanos unha foto da túa horta, xardín ou das plantas que tes na casa. A explicación atoparédela na ficha nº1.</p>	<p>insectos, seres vivos e seres inertes...). Coloca as tarxetas boca abaixo, di un nome e adiviña onde está colocado. Intenta dicirlle a papá/mamá o maior número de elementos posibles sen ver as tarxetas empregando só a túa memoria.</p>		
CONTO DIARIO		<p>Videoconto O coelliño branco contado por Xosé Ballesteros en Kalandraka TV (Enlace 1)</p> <p>Tras a escoita do conto conversar: A onde foi o coelliño? Que ía buscar? Que quería cociñar co que foi buscar á horta?</p>	<p>Lectura dun conto elixido libremente polo neno/a e despois de lelo, facer preguntas sobre os protagonistas.</p>	<p>Videoconto: "Aínda nada? (Enlace 3)</p> <p>Despois de ver e escoitar o conto: Recordar os pasos que dou o señor Luís para plantar o gran. Que elementos do vocabulario da horta empregou o señor Luís na plantación? Xogar a imaxinar onde vive o señor</p>	<p>Videoconto Os ratos da casa contado por Oli (Enlace 3).</p> <p>Tratar de buscar un final diferente para o conto antes de que cante o galo do conto.</p>

				Luís, se vive só ou acompañado, a que se dedica... Como se sentiu ao ver que non nacía a semente?	
--	--	--	--	---	--

*ENLACE 1: <http://www.kalandraka.tv/gl/seccion4.php?pagina=2>

*ENLACE 2: <https://www.youtube.com/watch?v=Jc5lSPTzRPA>

*ENLACE 3: <http://www.kalandraka.tv/gl/seccion4.php?pagina=1>

FICHA Nº1: A HORTA OU XARDÍN DE...

SEGURO QUE NA VOSA CASA TEDES UNHA PEQUENA HORTA NA QUE AXUDADES A PLANTAR TODO TIPO DE VEXETAIS E HORTALIZAS.

PARA INICIAR ESTA NOVA PROPOSTA DE ACTIVIDADES, PROPOÑÉMVOS QUE NOS ENVIEDES UNHA SOA FOTO DA VOSA HORTA Á DIRECCIÓN DE CORREO ELECTRÓNICO DA TITORA CORRESPONDENTE. CON ELAS CREAREMOS UNHA PRESENTACIÓN QUE COLGAREMOS PARA QUE TOD@S VEXAMOS AS NOSAS HORTAS OU XARDÍNS.



SE NON TEDES HORTA, SEGURO QUE SI XARDÍN OU PLANTAS NAS VENTÁS OU NO INTERIOR DA CASA. MANDÁDENOS UNHA ÚNICA FOTO INDICANDO DE QUEN É A HORTA/XARDÍN/PLANTAS.

PREGÁMVOS QUE NAS FOTOS NON APAREZA NINGUNHA PERSOA PARA DAR CUMPRIMENTO Á PROTECCIÓN DE DATOS. TAMÉN VOS PEDIMOS QUE NOS ENVIEDES AS FOTOS ANTES DO VENRES 17 DE ABRIL.

FICHA N°2: VOCABULARIO DA HORTA



GUANTES



ANGAZO



AGRICULTORES



SEMENTES



ESPANTAPAXAROS



MANGUEIRA



PA



REGADEIRA



CARRETA



BOTAS



TESOIRAS



INVERNADOIRO



SOMBREIRO



MIÑOCA



ABELLA



PLANTAS



XOANIÑA



VERME

FICHA Nº 3: TRABALLAMOS A CONCIENCIA FONOLÓXICA

Sobre o vocabulario da horta que xa traballamos na xornada anterior, imos profundizar un pouco máis traballando as propiedades fonéticas das palabras para que os nen@s recoñezan letras iniciais e finais, número de sílabas, comparación de lonxitudes... Facemos dúas propostas, unha para os nen@s de 3 anos e outra para os de 4 e 5 anos.

PROPOSTAS PARA 3-4 ANOS:

- Dixer o nome dos elementos representados en cada tarxeta identificando onde está escrita a palabra.
- Clasificar as tarxetas segundo a letra inicial de cada palabra (palabras que comezan por M, R, A..). Facer o mesmo pero coa última letra das palabras (podemos resaltalas rodeándooas ou subliñándooas).
- Elixir unha tarxeta-palabra e que o nen@ busque nela letras que están no seu propio nome.
- Coller unha tarxeta, ver a letra inicial da palabra e dicir o nome dun compañeir@ ou dun membro da familia.
- Escoller dúas tarxetas e comparar cal das palabras escritas é máis longa e cal máis curta.
- Clasificar todas as tarxetas-palabras en dous grupos: palabras longas e palabras curtas.
- Elixir unha tarxeta, dicir que pon e pensar outras dúas palabras diferentes que comecen polo mesmo son (por exemplo: abella. Pensamos dúas palabras que comecen por "a" avión e avoa). Tratar de escribilas pronunciando as letras e sílabas (os sons).

PROPOSTAS PARA 4-5 ANOS:

Ademais das actividades anteriores, os nenos e nenas de 5º e 6º de Ed. Infantil poden:

- Identificar o número de sílabas de cada palabra (para facelo máis significativo, podemos dar unha palmada por cada sílaba). Podemos colocar carteliños cos números 1,2,3, 4 e ir clasificando cada palabra segundo o número que sílabas que contemos.

- Coller unha tarxeta, ler a palabra, contar o número de sílabas e pensar outro termo que tamén teña ese número de sílabas (por exemplo: miñoa, mi-ño-ca, outra palabra de 3 sílabas: pelota...). O nen@ pode ir escribindo as palabras que vai pensando.
- Escoller unha tarxeta-palabras, pensar catro palabras que empecen polo mesmo son e intentar escribilas facendo unha listaxe.
- Facer un montón coas tarxetas, elixir unha sen que ninguén máis a vexa e xogar a dar pistas para que os demais adiviñen de que palabra se trata (podemos dar pistas describindo a imaxe pero tamén sobre o número de sílabas, son inicial ou final...).
- Elixir dúas outras tarxetas ao azar e construír unha frase na que aparezan as tres palabras e a oración teña sentido (por exemplo: xoaniña/ invernadoiro/sombreiro --- Entrei no invernadoiro e saín del cunha xoaniña no sombreiro).

FICHA Nº4 : CONTINÚA A SERIE
EMPREGANDO FROITAS, VERDURAS E HORTALIZAS QUE TEÑAS NA CASA,
CONSTRÚE AS TÚAS PROPIAS SERIES, POR EXEMPLO:



...CONTINÚAA AGORA TI



...CONTINÚAA AGORA TI



...CONTINÚAA AGORA TI




...CONTINÚAA AGORA TI

SEMANA DO 20 AO 24 DE ABRIL

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
CALENDARIO (Para realizar todos os días)	<p>DIARIO (nunha libreta ou caderno, facer todos os días):</p> <ul style="list-style-type: none"> - Observar o calendario e arrodear o día no que nos atopamos (contar cantos días faltan para que remate o mes, mirar o número anterior e posterior...). - Escribir o día da semana (luns, martes...), o número de día (23, 24...), o mes (marzo, abril) e o ano na páxina do caderno e que o neno/a observe como o facemos. - O neno/a escribe a data empregando só números (por exemplo: 14-4-2020). Os nenos e nenas de 5 anos poden cubrir a proposta de cadro que aparece nas recomendacións enviadas o martes 17 de marzo. - Observar pola ventá o tempo e debuxalo no mesmo folio da data. <p>Como me sinto hoxe? Expresar como se sente e debuxarse a si mesmo/a con esa expresión facial.</p>				
PROPOSTAS DE TRABA LLO	<p>ACTIVIDADE 1: Conversar co nen@sobre a horta: que é unha horta? como se cultiva nela? que plantas podemos cultivar?para que nos serven?</p> <p>Ficha 1: Coloreamos os debuxos e</p>	<p>ACTIVIDADE 2: Plantamos sementes que teñamos na casa: lentellas,garabanzos, fabas chícharos...utilizan do botes de iogur,botellas de auga cortadas ou calquera outro envase reciclado</p>	<p>ACTIVIDADE 4: Seguimento e observación das sementes Ficha 4: (Cadro observación para varios días) ACTIVIDADE 5: Na horta podemos atopar animais beneficiosos e</p>	<p>DÍA DO LIBRO Escoller o noso conto favorito, observalo e logo contarlle o conto a nosa familia. (serei un contad@r de contos) Farei un debuxo e pintareino ben bonito para</p>	<p>ACTIVIDADE:6 Seguimos observando os semilleiros. Ficha 6: Recorta e ordena a secuencia. (van 3 propostas unha para cada idade: 3 anos,4 anos, 5 anos)</p>

	<p>reparamos os nomes.</p>	<p>para facer os semilleiros. ACTIVIDADE 3: Preparamos etiquetas cos nomes das sementes. Ficha 3: Buscamos os nomes das nosas sementes e preparamos as etiquetas.</p>	<p>perxudiciais para as plantas. Os paxariños teñen fame e comen as verduras. Ficha 5: Imos facer un espantapaxaros para poñer na horta. Tedes tamén 2 puzles para recortar e xogar.</p>	<p>decorar a miña habitación.</p>	
<p>CONTO DIARIO</p>	<p>Conto: "A toupiña que quería saber quen lle fixo aquilo na cabeza." *Enlace 1: https://www.youtube.com/watch?v=zJmzxjZPO_o</p>	<p>Conto: "A horta de Simón" *Enlace 2: https://www.youtube.com/watch?v=VgwUqcZq1hI</p>	<p>Canción: "O espantallo divertido" *Enlace 3: https://www.kalandraka.tv/es/seccion2.php?id=15&pagina=2</p>	<p>Canción: "A horta da Balbina" * Enlace 4: https://www.youtube.com/watch?v=OptIu0jyiIE</p>	<p>Mira o videoconto "A pequena eiruga larpeira" e despois intenta construír o teu propio verme e xoga a facer carreiras con el. O proceso de creación atópase na ficha 7. *Enlace 6: https://www.youtube.com/watch?v=n771hWHRGzA</p>

FICHA 1: COLOREA AS HORTALIZAS E VERDURAS E REPASA O SEU NOME



BERENXENA



TOMATE



COLIFLOR



BRÓCOLI




XUDIÁS



ALLOS



CENORIA



LEITUGA



PEMENTO



ALLO PORRO



CHÍCHAROS




CEBOLA

FICHA 3: BUSCAMOS OS NOMES DAS NOSTRAS SEMENTES E PREPARAMOS AS ETIQUETAS.

PODEDES TOMAR COMO EXEMPLO ESTAS SINXELAS PROPOSTAS!



PARA FACELAS SÓ
PRECISAMOS:



FAGO SEGUIMENTO DAS SEMENTES:



NOME DA SEMENTE	DATA DE SEMBRA	DATA DE AGROME	DATA E PRIMEIRA MEDIDA		DATA E SEGUNDA MEDIDA	

FICHA 5: PARA QUE OS PAXARIÑOS NON COMAN AS VOSAS SEMENTES, FACEDE O ESPANTAPAXAROS E POÑÉDEO AXIÑA NA HORTA!

VELAQUÍ O MODELO:





1. PINTA A PEZAS DA PÁXINA SEGUINTE.
2. RECORTA AS PEZAS.
3. PÉGAAS COMO SE AMOSAN NO MODELO.
4. LOGO PÉGALLE UN PAUCIÑO POR DETRÁS.
5. AGORA SÓ TES QUE POÑELO NA HORTA!


RECORTA TODAS AS

PEZAS E FAI O




PUZZLE!!










FICHA 6 : RECORTA AS FICHAS E ORDENA A SECUENCIA



FICHA 6 : COLOREA, RECORTA E ORDENA A SECUENCIA



FICHA 6 : COLOREA, RECORTA E ORDENA A SECUENCIA



FICHA Nº 7: OS VERMES.

DESPOIS DE VER O CONTO DA PEQUENA EIRUGA, QUE CHE PARECE SE FACEMOS O NOSO PROPIO VERME ANDARÍN? ESTES SON OS PASOS PARA FACELO:



1. CORTA UNHA TIRA DE PAPEL DE 5 CM DE ANCHO.



2. DOBRA A TIRA POLA METADE.



3. ÁBREO E VOLVE A DOBRAR CADA EXTREMO SOBRE A LIÑA CENTRAL QUE FIXECHES ANTES.



4. VOLVE DOBRAR O CADRADO SOBRE SI|



5. FAI O MESMO NO OUTRO LADO.



6. REDONDEA OS EXTREMOS.



7. DESDÓBRAO, PÍNTALLE UN OLLOS E CUNHA PALLIÑA SÓPRALLE.

SE O PREFIRES, PODES VER O VÍDEO DO PROCESO DE CREACIÓN NESTE ENLACE:

<https://www.pinterest.es/pin/352688214571986596/>

SEMANA DO 27 AO 30 DE ABRIL

SEMANA 27 a 30 de abril	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
CALENDARIO (Para realizar todos os días)	DIARIO (nunha libreta ou caderno, facer todos os días): <ul style="list-style-type: none"> - Observar o calendario e arrodear o día no que nos atopamos (contar cantos días faltan para que remate o mes, mirar o número anterior e posterior...). - Escribir o día da semana (luns, martes...), o número de día (23, 24...), o mes (marzo, abril) e o ano na páxina do caderno e que o neno/a observe como o facemos. - O neno/a escribe a data empregando só números (por exemplo:14-4-2020). Os nenos e nenas de 5 anos poden cubrir a proposta de cadro que aparece nas recomendacións enviadas o martes 17 de marzo. - Observar pola ventá o tempo e debuxalo no mesmo folio da data. - Como me sinto hoxe? Expresar como se sente e debuxarse a si mesmo/a con esa expresión facial. 				

PROPOSTAS DE TRABALLO PARA TODA A SEMANA:

Coa finalidade de continuar coa conmemoración do Día do libro (23 de abril) e dada a importancia que ten a literatura infantil nestas idades, esta semana dedicarémola a traballar o conto "*A eiruga larpeira*" de Eric Carle, polo que todas as actividades que vos propoñemos a continuación xirarán en torno a dito conto.

***ENLACE VIDEOCONTO:** <https://www.youtube.com/watch?v=n771hWHRGzA>

A través da súa lectura e comprensión, os nenos e nenas traballarán entre outros distintos aspectos que favorecerán a súa expresión oral e comprensión, aumentarán e enriquecerán o seu vocabulario introducindo e empregando palabras novas, e tamén estimularase a súa imaxinación e creatividade.

Así, algunhas das actividades que vos propoñemos realizar a partir da lectura do conto son as seguintes:

- Para favorecer a súa **comprensión**:
 - Facer preguntas sobre o conto.
 - Recordar algunhas características do protagonista.
 - Partir das ilustracións do conto que aparecen no ENLACE do PDF "A eiruga larpeira" para que os nenos e nenas conten eles mesmos o conto.
 - Apoiándonos nas imaxes do conto do ENLACE do PDF "A eiruga larpeira" inventar unha historia distinta.

***ENLACE PDF:** [A eiruga larpeira](#)

- Para favorecer a súa **creatividade e imaxinación**:
 - Inventar un novo conto coa eiruga de protagonista.
 - Continuar co conto a partir do final.
 - Atopar un final diferente.
 - Inventar algunha rima divertida (por exemplo: "A eiruga era tan larpeira que quería papar unha vaca enteira").
 - Introducir novos personaxes e describilos (por exemplo que apareza na historia o protagonista do conto "O coelliño branco")



- Dramatización do conto polos propios nenos e nenas.
- **Actividades plásticas-artísticas:**
 - Debuxo libre sobre o conto.
 - Manualidade da eiruga: elaborar unha eiruga con materiais que teñamos polas casas (calcetíns, medias, envases de cartón ou iogures...
 - Modelar con plastilina unha eiruga, bolboreta...
 - Crear unha marioneta ou títere da eiruga.
 - Facer unha eiruga con pinzas da roupa e pintalás, con tapóns...
 - Construír un escenario para dramatizar o conto.
- **Actividades de lóxica-matemática:**
 - Secuenciar as escenas ou partes do conto (inicio, nudo e desenlace).
 - Ordenar as accións a partir dos debuxos, reforzando os números ordinais 1º, 2º....
 - Contar os alimentos que vai comendo a eiruga e tamén os días da semana que van pasando.
 - Realizar o puzzle da secuencia didáctica.
- **Actividades de lectoescritura:** coa finalidade de reforzar a lectoescritura dos nenos e nenas e favorecer a súa expresión escrita, a continuación vos propoñemos a realización da **SECUENCIA DIDÁCTICA** do conto, a cal consta de diversas actividades impresas que os nenos e nenas atendendo a súa idade e ritmo de aprendizaxe irán realizando e cubrindo ao longo da semana de maneira flexible.

NOME: _____



UNHA EIRUGA MOI
LARPEIRA

UNHA NOITE DE **DOMINGO** Á LUZ DA.....




REPOUSABA UN.....

NADA MÁIS SAIR O....._NACEU UNHA
EIRUGA MOI




O LUNS RILLOU UNHA.....




PERO AÍNDA TIÑA FAME.

O MARTES RILLOU DÚAS.....




PERO AÍNDA TIÑA FAME.

O MÉRCORES RILLOU TRES.....




PERO AÍNDA TIÑA.....

O XOVES RILLOU CATRO.....




PERO AÍNDA TIÑA.....

O VENRES RILLOU CINCO.....




PERO AÍNDA TIÑA.....

O SÁBADO RILLOU MOITAS.....




E DESPOIS DOEULLE A.....


O DOMINGO SENTIUSE MOITO MELLOR.
UNHA EIRUGA GRANDE E.....




COLOREA A EIRUGA E LOGO RECORTA
E FORMA O PUZZLE.



CONSTRUIU UN.....



E Ó PASAR O TEMPO....



DO CASULO SAIU UNHA FERMOUSA



PROPOSTAS MUSICAIS

MÚSICA - EDUCACIÓN INFANTIL.

(Actividades mes de abril)

A primeira actividade é de bailar, tan necesario nestes momentos de confinamento na casa. Trátase dun video sinxelo de ballet a nivel principiantes que xa fixemos na escola. Penso que os nen@s xa se van a dar conta nada máis velo. Sería interesante de que o fagan o máis parecido o video e sempre co corpo moi estirado, e seguindo o pulso da música. Espero que o disfruten.

<https://www.youtube.com/watch?v=GIM5FlqYD9w&t=121s>

Esta segunda actividade é de cantar. Vai unha canción de Susa Herrera. A do "ELEFANTE", cántana en galego, aínda que o videa sexa en castelá. ; Elefante eu son, pola selva eu vou , miña trompa sen par , porque voume duchar"

<https://www.youtube.com/watch?v=j-r2xTr-fLa>

E a derradeira canción combina as dúas cousas, cantar con movento, e traballan tamén o SILENCIO.

Ahí vai a canción GLOBOS DE CORES, que a disfruten:

<https://www.youtube.com/watch?v=KOJXO3ILI00>

Son todas actividades xa coñecidas, polo que así non van a ter dificultade en facelas na casa.

Moito ánimo a tod@s Beatriz Gippini

PROPOSTAS DE ACTIVIDADES DE ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE ORAL



XUSTIFICACIÓN: A continuación presentámosvos unha serie de actividades de estimulación e reforzo da linguaxe oral para os nenos e nenas e consisten na súa maioría en realizar actividades bucofaciais, de respiración e sopro así como tamén incluímos uns PowerPoints con imaxes de praxias faciais, labiais, linguais, maxilares e respiración e sopro para que os nenos e nenas poidan imitar.

A finalidade desta proposta de traballo é que os nenos e nenas sexan capaces de adquirir progresivamente e mellorar a súa linguaxe oral, potenciando a súa articulación, pronunciación e expresión oral co obxectivo de favorecer as súas interaccións comunicativas, para que sexan o máis fluídas posibles no seu desenvolvemento cotiá e social.

ACTIVIDADES BUCO-FACIAIS:

- Apretar e afrouxar os beizos sen abrir a boca.
- Masticar varias veces.
- Abrir e pechar a boca rápido.
- Abrir e pechar a boca despacio.
- Sacar a lingua ao máximo.
- Sacar a lingua o mínimo posible, asomando a punta da lingua entre os beizos.
- Abrir a boca despacio e pechala rápido.
- Abrir a boca rápido e pechala despacio.
- Morder o beizo inferior cos dentes superiores.
- Abrir a boca, sacar a lingua e meter a lingua pechando a boca.
- Abrir e sacar a lingua en posición horizontal.
- Abrir a boca, sacar a lingua e movela de esquerda a dereita.
- Realizar rápidos movementos unindo e separando os beizos.
- Proxectar beizos unidos cara fóra e sorrir.
- Sacar a lingua deprisa e metela despacio.
- Abrir a boca, sacar a lingua e levala cara arriba e cara abaixo.
- Soster unha palliña entre os beizos.
- Levar os beizos cara dentro e proxectalos cara fora.

- Dar bicos sonoros e sorrir.
- Sacar a lingua longa e fina.
- Sacar a lingua corta e ancha.
- Pasar a punta da lingua polo borde dos incisivos superiores, describindo un arco cada vez maior.
- Inchar as meixelas, apretalas coas mans e facer explosión cos beizos.
- Inchar as meixelas mantendo o aire na boca ó apretar fortemente os beizos, dándolle golpes para facer explosión.
- Relamerse co beizo superior coa punta da lingua dun lado a outro.
- Repetir a actividade anterior co beizo inferior.
- Relamerse coa punta da lingua os beizos superior e inferior en movemento circular de esquerda a dereita e viceversa.
- Bocexar.
- Apoiar a punta da lingua na cara interna das meixelas, golpeándoas alternativamente.
- Tocar coa punta da lingua os incisivos superiores e inferiores por fóra.
- Repetir a actividade anterior, pero por dentro.
- Proxectar os beizos unidos, levalos á dereita e esquerda.
- Dobrar a lingua cara arriba e cara atrás.

ACTIVIDADES DE SOPRO E RESPIRACIÓN:

- En silencio e cunha man no abdome descubrir o ritmo da respiración e os latexos do corazón.
- Inflar globos.
- Imaxinar que estamos no campo e collemos moito aire e o soltamos lentamente.
- Coller aire subindo os brazos e soltalo baixándoos.
- Soprar á cara.
- Soprar unha vela sen que se apague e despois apagándoa.
- Soprar por unha palliña.
- Empurrar bolitas soprando con e sen palliña.
- Imitar esbirros.

- Collemos o espello e empañámolo.
- Suxeitamos un papel cos beizos e intentamos soprar.

ENLACES POWERPOINTS DE PRAXIAS:

*PRAXIAS FACIAIS

*PRAXIAS LABIAIS

*PRAXIAS LINGUAIS


*PRAXIAS MAXILARES

*RESPIRACIÓN E SOPRO



PROPOSTAS PARA MOVER O CORPO

***ENLACE PARA FACER DISTINTOS MOVIMENTOS:** [Movemos o noso corpo](#)



RECURSOS NA REDE

Recursos educativos na rede para Infantil:

Poderedes descargar a aplicación Splash Kids da editorial Edelvives tanto para tablet como para móbil. Hai unha aplicación para cada idade, así que os pasos a seguir son os seguintes:

- Buscar en Play Store de Android ou a App Store de IOS Splash Kids 3, Splash Kids 4 ou Splash Kids 5 (segundo a idade do nen@) e instalalo.
- Introducir o código: edelvives.

Nestes enlaces poderedes descargar directamente as mesmas propostas:

<https://cloud.edelvives.es:7443/index.php/s/D98XKYBmKRkd8Kq> (Splash Kids 3 anos)

<https://cloud.edelvives.es:7443/index.php/s/HFcCcz5Xjowq42F> (Splash Kids 4 anos)

<https://cloud.edelvives.es:7443/index.php/s/p5E3qMcLHbeeB88> (Splash Kids 5 anos)

PROPOSTAS AUDIOVISUAIS PARA EDUCACIÓN INFANTIL - **RELIXIÓN CATÓLICA.**

(DO 14 AO 30 ABRIL)

- Historias de la Biblia para niños- José y María- Pequeños Héroes

<https://www.youtube.com/watch?v=1eNaSYnyLRM>

- Historias de la Biblia para niños- David- Pequeños Héroes

<https://www.youtube.com/watch?v=HF156T2wU6g>

- Historias de la Biblia para niños- Elías- Pequeños Héroes

<https://www.youtube.com/watch?v=cv271TXComc>

- Historias de la Biblia para niños- Samuel - Pequeños Héroes

<https://www.youtube.com/watch?v=Pq1YuPrMHiY>

- La historia de Jonás para niños - Pequeños Héroes

<https://www.youtube.com/watch?v=hg5uRRxILJo>

- El Arca de Noé - Pequeños Héroes

<https://www.youtube.com/watch?v=5pU42iUghfk>

Profesora: M^a del Carmen Carou Blanco